# Revista escolar nº 15

# O ACIVRO

## Colexio de Casaio ano 2008

# Revista escolar O Acivro nº 15

## Sumario

1- Contacontos

2- Magosto

3- Halloween

4- Xogos

5- Nadal

6- Paz

7- Entroido

8- Easter / Semana Santa

9- Visita de Cholo e Nela

10- Semana da prensa

11- Día da árbore

12- Día do Libro

13- Xornal da aula de Educación Infantil

14- Traballos dos nenos/as

15- Pasatempos

A principio de curso un **contacontos** veu a facernos unha visita e contarnos uns contos moi divertidos. Primeiro estivemos con el na biblioteca os nenos/as de infantil e 1º e 2º ciclo de primaria e despois baixaron os maiores.





O protagonista de case todas as historias foi unha personaxe chamado **“Lobo Garabelos”** que nos contaba historias solidarias e que nos ensinaban a coidar a naturaza. Lorena puido poñer a máscara do “Lobo Garabelos”.





Escoitamos historas como a do **“Carballo con botas”.**






A de **“Siarbo ladrón de soños”** e a da **“Xacia Lubiñas”.**





Días máis tarde, entre todos comentamos as fotos para expor nun mural que está na entrada do colexio.






# HALLOWEEN

**Decidimos celebrar Halloween e que mellor maneira que decorando as nosas "pumpkins".**
















Ollos iluminados
Margarete
Chupa sangre
Alicia



**Aínda que as pumpkins foron terroríficas, quixemos pasar un pouco máis de medo con este pantasmagórico castelo. Collendo un pouquiño de aquí e un pouquiño de aló, e con moitísima imaxinación e traballo, conseguimos...**

# tachannnnnnnnnnnn!!!!!!!!




# MENUDOS ARTISTAS!!!!







O día nove de novembro celebramos o magosto no colexio. Ese día pola tarde organizamos unha variante do xogo da oca que se chamou o xogo da castaña para realizar mentres se asaban as castañas.
Contamos tamén coa colaboración dos pais que nos axudaron a traer leña e deixándonos o asador





**A VER SE ERES CAPAZ DE ATOPAR AS 15 DIFERENCIAS**





• **A porca:**

Descripción: Trátase dun xogo moi estendido, con elementos semellantes ó hoquei, deporte moi popular despois da existencia da Porca .



• **Zancos:**

Descripción: En tempos íase ó monte a cortar dúas gallas de carballo, procurando que cara ó fondo houbese un bo gallo. Debaixo deste deixabase un anaco de pao, tanto máis grande canto máis alto se pretendera andar do chan.

• **Aros:**

Descripción: Precisábase para este xogo un aro (ou chaucha) (dun caldeiro vello o dun bocoi de viño), e un ferro con forma de gancho nun dos estremos (ou raño).



O xogo consistía en ir



empuxando o aro co gancho ou guiadeira sen que éste caera.

• **O Xogo da rá:**

Descripción: O xogo da rá consta dunha mesa cunha rá, un muíño, duas pontes, catro pozos asi coma de cinco pellos de ferro.Baixo a mesa haberá unha gabeta dividida en compartimentos nos que existe unha puntuación correspondente a cada un.

Cada xogador lanzará cinco pellos.

• **A Virolla:** Descrición: Este xogo consta de catro elementos que son: a



cega (un cadrado feito de madeira), a virolla (un triángulo de madeira), nove bolos e unha bola. Xógase lanzando a bola a derribar a virolla e os bolos.

• **A chave:**

A chave será unha peza de ferro en forma de cruz, con doble aspa, a superior máis pequena que a inferior. A distancia entre a base da chave e a liña de lanzamento será de 20 mts.

Os pesos serán redondos e planos, alisados polas dúas caras, debendo ter de 500 a 550 gramos de peso e serán iguais.

Os xogadores/as lanzarán os pesos cada lanzamento que dé na chave, terá un valor de 1 tanto, tendo que ser a tiraxe directa sen rebotes nen tocar antes no chan. A puntuación oficial de cada partida é de 21 e contase-Iles como tantos.

Ata o punto 15, todos os tantos suman. A partires de que un/ha xogador/a chegue a 15 puntos, a suma dos puntos obtidos nunha tirada réstanse os obtidos polo/a contrincante; pasando a diferencia a sumarse a aquel/a que ile sexa favorábel.

Durante o segundo e terceiro trimestre os alumnos fixeron unha recollida de xogos populares tradicionais, de rifas para botar sortes e de cancións asociadas a estes xogos, algunhas delas son as que seguen.

Tamén participamos en algúns concursos , no Pintura infantil do Concello, no de Xóvenes diseñadores da tenda Princesas e no de recolla da tradición oral, deste último reproducimos algunhas cantigas.






**Nome do arquivo de audio:** Mic0009
**Categoría:** Canción popular
**Idioma:** Galego
**Transcrición literal:**
A falda da Caroliina
ten un lagarto pintaado
cando a Caroliina baila
o lagarto dalle ao rabo.
Bailaches Carolina
Bailei si señor
dime con quen bailaches
bailei co meu amor.
Co teu amor Csarolina
non volvas a bailaar
que che levanta a saia
e e moi mala de baixaar
e o señor cuura non baila
porque ten unha coroa
baile señor cura baile
que Deus todo llo perdoa.

**Informante:** Ana Isabel Teruelo de Luis
**Autor/a da gravación:** - Álvarez Teruelo, Leticia – 10 anos

**Nome do arquivo de audio:** MIC00010
**Tipo de arquivo:** Canción popular
**Idioma:** Galego
**Transcrición literal:** Onde están as chaves matarilerilerile, onde están as chaves matarilerilerón, chis pon, están no fondo do mar matarilerilerile no fondo do mar matarilerilerón, chis pon, e quen baixará por elas matarilerilerile , e quen baixará por elas matarilerilerón, chis pon, baixará Elena matarilerilerile, baixará Elena matarilerilerón chis pon, e que oficio lle pondremos matarilerilerile, e que oficio lle pondremos matarilerilerón, chis pon, lle pondremos bordadora matarilerilerile, lle pondremos bordadora matarilerilerón, chis pon.

**Informante:** Estefanía Vidal Fernández
**Autor/a da gravación:** - María domínguez Vidal – 10 anos

**Nome do arquivo de audio:** MIC00042
**Tipo de arquivo:** Canción militar portuguesa
**Idioma:** Portugués
**Transcrición literal:**
Uma gaivota voava voava
asas ao vento
coração de mar.
Como ela somos livres,
somos livres, de voar ,
como ela ,somos livres ,
somos livres, de voar.
Uma papoila crescia, crescia
grito vermello num campo qualquer.
Como ela somos livres
somos livres de crescer.
Uma criança dizia, dizia
quando for grande
não vou combater
uma criança dizia, dizia
quando for grande
não vou combater.
Como ela somos livres
somos livres de dizer.
Somos um povo
que cerra fileiras
parte à conquista
do pão e da paz
Somos um povo
que cerra fileiras
parte à conquista
do pão e da paz.
Somos livres
somos livres
não voltaremos atrás
somos livres
somos livres
não voltaremos atrás.

**Informante:** María Madalena Ribeiro
**Autor/a da gravación:** - Raquel Ribeiro Costa – 10 anos

**Nome do arquivo de audio:** MIC00053

**Tipo de arquivo:** Cantiga popular portuguesa

**Idioma:** Portugués

**Transcrición literal:** Atirei o pau o gato-to mas o gato-to nao morreu-rreu-rreu D. Chica-ca asustou-se-se c'o berro, c'o berro que o gato deu MIAUUUUU

**Informante:** Marialva Oliveira Matos

**Autor/a da gravación:** - Vitor Manuel Oliveira azevedo

**Nome do arquivo de audio:** MIC00055

**Tipo de arquivo:** Canción de Berce

**Idioma:** Portugués

**Transcrición literal:** Ao sair da cheminé-né-né, vem uma pulga-ga, mordeu-lhe o pé-pé-pé, ou ela chora, ou ela grita, ou vai-se embora, pulga maldita.

**Informante:** Lucinda de oliveira Matos

**Autor/a da gravación:** - Joao Matos dos Santos

**Nome do arquivo de audio:** MIC00061

**Tipo de arquivo:** Canción

**Idioma:** Portugués

**Transcrición literal:** A vizinha lá de cima é feita de papelão, quando vai fazer as camas diz assim para o patrão: sete e sete são catorze com mais sete vinte e um, tenho sete namorados e não gosto de nenhum.

**Informante:** Lucinda de oliveira Matos

**Autor/a da gravación:** - Joao Matos dos Santos

# Tamén recolleron adiviñas

**Transcrición literal:** Adiviña adiviña, uma casiña amarela sen porta nin xanela.

**Transcrición literal:** Uma casiña branca sen pozo e sen tranca, que é?.

**Transcrición literal:** Quen quen cuando máis alto está, mellor se lle chega.

**Transcrición literal:** Alto coma o piño, verde coma o liño, amarga coma o fel i é doce coma o mel.

**Transcrición literal:** Qual a coisa, qual é ela que quando entra em casa se põe logo a janela?

**Transcrición literal:** Alto vive , alto mora, todos o vêem e ninguém o adora?

**Transcrición literal:** Dois redondos, um largo, entre as pernas vai metido.

**As solucións están na última páxina**

## trabalinguas, refráns, lendas, contos populares ...

## en total foron preto de cen gravacións.





O día 20 de decembro foi o festival de nadal, este foi o programa

*Casaio*

*INVÍTALLE A PARTICIPAR CONNOSCO,*

*O día 20 de decembro de 2007*

*A PARTIR DAS 15:20 HORAS, NO*



# *FESTIVAL DE NADAL*

- Lotería
- Anuncio de Antiu Xixona
- Anuncio das bonecas de Famosa
- Cea de Nadal
- Anuncio "El Almendro"
- Mensaxe do Rei
- Canción para ir a durmir " Os Patinhos"
- Teatro en portugués " O Pai Natal vai de férias"
- Volteretas dos axudantes de Papá Noel
- Villancico en Inglés "We Wish you a Merry Christmas"

Finalmente unha a obra de teatro en portugués "o pai natal vai de ferias" acabou por representarse no Lauro Olmo de O barco.



Tamén nos visitou un papá noel moi especial que nos trouxo agasallos a todos



# O Carnaval de Casaio

O carnaval de Casaio celebrou-se no dia 1 de Fevereiro, sexta-feira.Os meninos de quinto e sexto curso disfarçaram-se de Zombies, os de primeiro,segundo e terceiro disfarçaram-se de extraterrestres e os meninos de infantil disfarçaram-se de Luas.




Quando acabaram de se vestirem sairam para dar um passeio pelo povo.



A meio do passeio as pessoas atiraram-lle caramelos.




Quando voltaram ao Colégio alguns meninos tiraram o disfarce para se vestirem de “Remexacos”. Para nós foi feliz e bonito!

***5º e 6º Cursos***

# EASTER

**Coa chegada da Semana Santa, collemos as nosas brochas e pinceis e puxémonos mans á pintura…**




**Mirade que aplicadiños e que ben nos quedaron os nosos "Easter eggs".**





**O primeiro ciclo tamén quixo facer a súa aportación pintando unhas preciosas cestiñas cheas de ovos de Pascua…**









**E como non, os de segundo ciclo tampouco quixeron ser menos e uníronse ó traballo…**





**Ummmmmmmm!!!!**




**Están para comelos…non credes???**

O 28 DE MARZO DE 2008
TODOS OS NENOS E NENAS
BAIXAMOS O XIMNASIO A
VER A CHOLO E NELA. (PAULA)





cholo e nela estan saludando (INÉS)

TODOS ESTAMOS BAILANDO CON CHOLO
"TODOS ESTAMOS"

EME LA (LORENA)





CHOLO CONTOUNOS QUE

O TRASNO REBULDEIRO ESCONDEAS

COUSAS E ENSENOUNOS O SEU GORRO
"ENSINOUNOS" "GORRO"

PAULA E LORENA

# SEMANA DA PRENSA

**No mes de Marzo traballamos cos xornais de diferentes linguas: castelán, galego, inglés… Como vedes sabemos moitos idiomas!!!!**
**Ademais aprendemos como é un xornal: lemos, comentamos as noticias, fixámonos nos anuncios e vimos como era a estructura dun xornal.**








**Despois do que aprendemos e como chegaba a Semana Santa, fixemos os nosos propios anuncios que poderían incluirse nun xornal.**

LET'S GO TO THE

EASTER PARTY!



CASAIO SCHOOL. THURSDAY

20th MARCH 2008.

ENJOY IT! HAVE A GOOD TIME!

-PUBLICIDADE- CRISTIAN 6º.

"Poderá descubrir novos horizontes con máis protección."

- Este quad é de 150cc.
- Ten tracción nas dúas rodas traseiras.
- Ten acelerador de dedo, pero podeselle incluír acelerador de man.
- É verde con pegatinas negras e ten as llantas e os gardabarros amarelos.
- Ten catro marchas automáticas.
- Ten un botón de arranque automático e unha panca de arranque manual.
- Chega ata os oitenta Kilómetros por hora.



Ven, pregunta o prezo e...

Alucinarás coas rebaixas!



Goza ti e mais teus amigos dun paraíso a catro rodas!

"PUBLICIDADE"

# "Disfruta do aire na túa cara!"

Leticia 6º.

- Asento de coiro.
- Freo moi resistente e potente.
- Carrocería resistente a auga.
- Tantas de aceiro inoxidable.
- Asento para dúas persoas.
- Vai a 250 km por hora.
- Ten 6 marchas.
- Acelerador de man.
- A moto é de cor gris, amarela e ten o asento e o manillar negro.

A mellor Yamaha nunca vista

CANDO / A / VEXAS



Non O Crerás.

Se nos preguntas o prezo...
Alucinarás! Non ten comparación!

Potencia, Confort e Seguridade,
Una combinación perfecta...
Non cree?

Á volta de vacións celebramos o día da árbore. Un dos traballadores da Unidade de Xestión Forestal tróuxonos ó cole unha bolsa chea de árbores para plantar (pereiras, castiñeiros, acibros).

Unha tarde saimos ó xardín do colexio para trasplantar o teixo xa que as súas follas son velenosas e plantar un castiñeiro.




Traballamos todos/as, ata os máis pequenos, ainda que o sacho era case máis grande ca nós.




Como resultado final de tanto traballiño temos este castiñeiro que esperamos que pronto de froitos.



O 25 de Abril celebramos o **Día do Libro**, pero xa estiveramos traballando sobre o tema días antes.

Entre todas as nenas e nenos inventamos un conto.

Empezamos os de Infantil, decidindo as personaxes e o lugar onde ía transcurrir a historia.


HA Bia Una vez unHa
BolBoreta, unHa flor e unHa
Xoaniña. A BolBoreta chamabase
Vani, NO Era Nin
Moi Grande Nin Moi Pequena
E tina unhas preciosas Alas DE
Moitas cores.
A flor chamabase blanqui
ta porque os seus petalos
eran blancos E brillantes.
A Xoaniña Anabes Era ver
mella con puntiños negro
As tres vivian nun pais
moi lejano.

Inés

Logo tocoulle o turno dos de 1º e 2º ciclo que desenvolveron a historia.

Un día veu o vento e roubeoulle os pétalos a Blanquita. Entón Nanebis e Nani foron voando ata a gruta do vento. Cándo o vento as viu, soprou e votounas ó lonxe. Anebis e nani estaban moi cansas e descansaron ó pé dunha árbore. Alí pediron axuda e viñeron as aguias, que son unhas aves moi fortes que non as leva o vento. Estas águias coñecen unha entrada secreta a gruta, e esa noite mentres o vento durmía as águias levaron a Anebis e a Nani ata a entrada. Entraron e alí atoparonse cunha tarántula...

E os maiores rematárona.

Cando viron a tarántula saíron a buscar as
águas. Cando volverón a gruta atopáronse a
tarántula e ao vento, entón o vento comezou
a soprar e levou a tarántula, pero non Naní
e a Anelis que agarraronse a unha agua.
Ca forza do vento os pétalos saíron, voando
e as aguas Nani e Anenis marcharón tras-
los petalos, e o vento perseguironos, Pero cando o
vento se decatou de canto desetaban axudara
Blanquita colleu os petalos e devolveullelos.
E colorín, colorado este conto está rematado

Así o venres 25 pola tarde reunímonos todos na biblioteca onde Leticia e Raquel nos contaron a historia final, para poñerlle un título e debuxala.







Este é o resultado do noso traballo.









Vitor


VENTO
XOANIÑA

OS NENOS E NENAS DE INFANTIL TAMÉN FIXEMOS O NOSO XORNAL. AQUÍ TEDES UNS EXEMPLOS.



TODAS AS SEMANAS DENDE O MES DE FEBREIRO ESCRIBIMOS UNHA NOTICIA MIRANDO UNHA FOTO COLLIDA DUN XORNAL.



# Algúns traballos dos alumnos

Siguemar 18 de Xaneiro de 2008.

Distinguidos Señores:

Chámome Leticia Álvarez Teruelo e vai menos de dous meses merquei un televisor na súa tenda.

Cando a comprei funcionaba estupendamente pero fai tres días foise a luz, cando volveu e fun a ver a tele, xa non encendía, pero a da cociña funcionaba perfectamente e todos os electrodomésticos de casa funcionan.

Poderíanme explicar que pasou? Por que non funciona? Que fago agora sen televisor?

Atentamente.

Leticia Álvarez.

Rumiña.

Ruminã é un pobo pequeno pero bonito. Ten poucos habitantes e son todos amigos. Cando me asomo a ventá da casa dos meus avós vexo un conxunto de casas moi vellas que nalgún momento estiveron todas habitadas; están rodeadas de árbores e matorrais, hai unha chaira na que cultivan e sempre está verde.

No verán gústame moito ir a fonte a coller auga para beber e de paso entretéñome collendo ras.

FIN

Cristian 6º



A lúa, lúa,
a lúa, lá
ten o corpo de mazá.
A lúa, lúa
a lúa, lé
non se pode ter en pé.
A lúa, lúa
a lúa, lí
non para de rir.
A lúa, lúa
a lúa, lo
é un gordinflón.
A lúa, lúa,
a lúa, lú
nunca ensina o cú.

María

A nosa amiga

Leticia.



A lúa, lúa
a lúa, lá
vai de aquí
para acolá.

A lúa, lúa
a lúa, lé
está doente e
doelle o pé.

A lúa, lúa
a lúa, lí
é fermosa e
sempre ri.

A lúa, lúa
a lúa, lo
non se sabe se
está aquí ou aló.

A lúa, lúa
a lúa, lú
nunca nos ensina
o cu.



LETICIA 6º

# O meu gato.

O meu gato chámase Manchas e é: branco con manchiñas negras, ten dous anos, ten os ollos redondos coma pratos e é moi cariñoso, sobretodo conmigo.

Cando chega o inverno pasa todas as mañás metido na casa e comendo, no verán anda polo pobo sen vir a casa en todo o día.

Sempre que o collas ronronea e cando o deixas no chan refrégase nas pernas para que o volvas coller.

A súa cara faime moita graza, porque ten os bigotes e as cellas moi longas e tamén ten unha manchiño negra na punta do nariz.

Cando está contento ten as orellas para arriba e cando non tenas para abaixo coma se estivese triste. Case sempre as ten para arriba porque todos o queremos moito.

# A Lúa Superlista

A lúa, lúa
a lúa, lá
non come
aquí senón alá.

A lúa, lúa
a lúa, lé
e moi lista
e sempre le.

A lúa, lúa
a lúa, li
e moi graciosa
e sempre ri.

A lúa, lúa
a lúa, lo
e moi porca
e sempre fai popó.

A lúa, lúa
a lúa, lú
ve os Luni
e gústalle Lulu...

Cristian

A lúa lá, lé, li, ló, lú.

A lúa, lúa,
a lúa, lá
come aquí
e acolá.

A lúa, lúa,
a lúa, le
doelle o pe
e toma te.

A lúa, lúa,
a lúa, li
esta aquí
pero naceu en Madrid.

A lúa, lúa,
a lúa, ló
ten unha casa
e ten moito po.

A lúa, lúa,
a lúa, lú
ten arrugas
coma Lulú

Raquel

# A LÚA, LÚA

A lúa, lúa
a lúa, lá
vai de aquí
para acolá.

A lúa, lúa
a lúa, lé
bebe café
e toma té.



A lúa, lúa
a lúa, lí
pega un brinco
e vai para alí.

A lúa, lúa
lúa, ló
vai de aquí
para aló

A lúa, lúa
a lúa, lú
pega un brinco
e da no cu.

Aarón

# A LÚA

A lúa, lúa
a lúa, lá
a súa fruta preferida
é a mazá

A lúa, lúa
a lúa, lé
gústalle xogar ao fútbol
co pé



A lúa, lúa
a lúa, lí
xoga moito
cos amigos alí



A lúa, lúa
a lúa, ló
vai moito de
aquí para aló

A lúa, lúa
a lúa, lú
ten un perro
que se chama Lulú

Iván

# Mirade que poetas temos

¿Que pintaches?
Pintei de calor roxo
un grande toxo
¿Que pintaches?
Pintei un touro
de calor mouro
Pintei de calor roxo
un grande toxo
Pintei un touro
de calor mouro
¿Que pintaches?
Pintei un espello
de calor vermello
Pintei de calor roxo
un grande toxo
Pintei un touro
de calor mouro
Pintei un espello
de calor vermello
¿Que estudiches?
Estudei galego
con axuda do Diego
¿Que estudiaches?
Estudei ingles
neste mes
Estudei galego
con a axuda do Diego
Estudei ingles
neste mes
¿Que estudiaches?
Estudei un camelo
que é amarelo
Estudei ingles
neste mes
Estudei galego
con a axuda do Diego
Estudei un camelo
que é amarelo

Que comprachés?
Comprei un polo
é levaino no colo
Que comprachés?
Comprei unhas pitas
e comprei palomitas
Que comprachés?
un coche
que se chama carocha

Vitor

Nicola Ealise

¿Cómo estás?
¿que tal estás?
Estou contenta
como unha tormenta
¿como estas?
¿Que tal estás?
Estou sentada
moi cansada
Estou contenta
como unha tormenta
¿cómo etás?
¿que tal estás?
¿Estou mal
¿Estou fatal
Estou sentada
moi cansada
Estou contenta
como unha tor...
Estou mal
estou fatal

SARA

¿Onde fuches?
fun a escola
e bebín cocacola
¿Onde fuches
fun a escola
e bebín cocacola
¿Onde fuches
fun a Casaio
no mes de Maio
fun a escola
e bebín cocacola
¿Onde fuches
fun a Ponferada
e vin un hada
e debuxie un ozo
fun a escola
e bebín cocacola
fun a Casaio
No mes de Maio

iogo Rafael Borra Rita.

Este ano creamos a nosa páxina web, aínda está "en obras" pero xa se pode visitar na dirección http://centros.edu.xunta.es/ceipdecasaio/principal esperamos sexa de utilidade.





# Summer Holidays




| N.B. There are no spaces between words. | |
|---|---|
| **Across** | **Down** |
| 2. Protect your eyes<br>6. Special seat for the sun<br>7. Two-piece swimsuit<br>8. Along the sea<br>11. Eaten a lot in summer<br>12. Your skin goes brown | 1. It shines a lot in summer<br>3. Protects your skin<br>4. Popular summer sport<br>5. Children make castles with this<br>9. Open shoes<br>10. Place for swimming and water sports |



# Animals

**Find the words below in the grid.**
**Words can go horizontally, vertically and diagonally, backwards or forwards**

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | O | R | E | C | O | N | I | H | R | T |
| E | S | R | O | H | T | P | B | E | A | R |
| A | E | F | F | A | R | I | G | N | L | H |
| N | T | P | C | R | F | R | G | D | T | Y |
| T | N | A | L | I | O | N | O | E | E | E |
| E | A | N | W | V | Y | N | M | K | R | N |
| L | H | T | G | O | K | U | N | M | M | A |
| O | P | H | B | E | L | O | P | W | Y | N |
| P | E | E | Y | E | M | F | G | K | O | N |
| E | L | R | Y | C | M | G | O | A | T | C |
| L | E | N | C | T | C | H | D | B | B | H |

| | | |
|---|---|---|
| antelope | elephant | monkey |
| bear | giraffe | mule |
| cat | goat | panther |
| cow | horse | rhinoceros |
| dog | hyena | tiger |
| donkey | lion | wolf |

# Vegetables

**Find the words in the grid.**
**Words can go horizontally, vertically and diagonally, backwards or forwards**

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| J | H | M | N | R | O | C | Y | K |
| R | P | O | T | A | T | O | E | T |
| H | V | X | M | A | E | Z | O | C |
| C | N | H | E | D | G | M | T | E |
| P | Y | P | G | R | A | K | O | L |
| G | T | R | B | T | B | N | R | E |
| B | M | L | O | E | B | Z | R | R |
| Q | K | E | Y | F | A | H | A | Y |
| R | M | K | K | T | C | N | C | T |

| | |
|---|---|
| bean | corn |
| cabbage | pea |
| carrot | potatoe |
| celery | tomatoe |

## amigosdeinfantil

ccc



EclipseCrossword.com

## Palabras

CARLOS INES LORENA PAULA SARA

## Horizontal

2. Nome dunha amiga de clase
4. Nome dunha amiga de clase
5. Nome dunha amiga de clase

## Vertical

1. Nome dun amigo de clase
3. Nome dunha amiga de clase

## 1º e 2º Ciclo



### Horizontal

2. nome dun compañeiro da escola
5. nome dun compañeiro da escola
6. nome dun compañeiro da escola
8. nome dun compañeiro da escola
9. nome dun compañeiro da escola

### Vertical

1. nome dun compañeiro da escola
3. nome dun compañeiro da escola
4. nome dun compañeiro da escola
7. nome dun compañeiro da escola

## Terceiro Ciclo



EclipseCrossword.com

## Across

1. nome dun compañeiro da escola
3. nome dun compañeiro da escola
4. nome dun compañeiro da escola
6. nome dun compañeiro da escola

## Down

2. nome dun compañeiro da escola
5. nome dun compañeiro da escola

# lugares

ccc




## Horizontales

2. a comunidade autónoma onde vives
4. O país no que vives
5. a túa provincia
6. nome dun país que limita con españa

## Verticales

1. nome do teu concello
3. nome do teu pobo

Ajuda o passarinho a encontrar a sua casinha



# Acertixos para Xenios:

Se non es quen de resolvelos atoparas a solución na última páxina

1- Un famoso mentalisa é capaz de decir o tanteo de un partido de futbol antes de que empece. ¿Cómo é posible?
2- Dúas cabras están pastando, unha mira cara ao norte e a outra ao sur. ¿Que teñen que facer para verse unha a outra sen moverse?
3- Hai meses de 30 días , de 31 días, pero, ¿Cantos meses teñen 28 días?
4- ¿Qué é o primeiro que fai un can cando sae ao sol?
5- Tes amigos con dificultades econimicas comparten unha comida que lles custa 30 euros, polo que cada un pon 10 euros. Cando van a pagar o camareiro rebaixalles cinco euros polo que cada un colle un euro e deixan dous nun bote para outra vez. Mais tarde botan contas e din: cada un de nós pagou nove euros así que gastamos 9 x 3 = 27 euros, que cos dous do bote fan 29, pero se puxemos 30 ¿Dónde está o euro que falta?
6- Un gato saltou dende unha ventá dun decimoquinto piso e non lle pasou nada. ¿Cómo é posible?
7- Antonte Marta tiña 11 anos e o ano que ven terá 13
8- Pepe acercase a Xiana e dille vou lanzar unha moeda, se sae cara gaño eu e se sae cruz perdes ti. ¿Que posibilidades ten Xiana de gañar?
9- ¿De que hai que encher unha caixa para que pese menos que antes?
10-¿En que lugar o xoves está antes ca o mércores?
11-¿Como se pode picar un globo sen que esplote nin que se desinfle?
12-Dous amigos saen camiñando simultáneamente en sentidos contrarios, un camiña cara ao norte e o outro cara o sur. ¿Cómo se chaman os amigos?
13-Dúas moedas suman 30 céntimos, unha delas non é de 10 céntimos. ¿Qué moedas son?
14-Intenta debuxar unha cruz sen pasar dúas veces polo mesmo sitio nen levantar o lápiz do papel.
15-Sen facer experimentos extraños. ¿De que maneira podemos escribir rojo con un bolígrafo azul?
16-Unha pita pon un ovo na fronteira de dous paises, (España e Portugal). ¿De quen é o ovo?
17-Hai tres reloxios nun cuarto, un marca as tres e cuarto, outro as cinco menos vinte e o outro as sete e media. ¿Qué hora é?

# PASSATEMPOS DE PORTUGUÊS

As imagens parecem iguais, mas não são. Existem ***7 diferenças***. Encontra-as.





- Pinta de acordo com o código de cores




1 vermelho 2 amarelo 3 verde 4 rosa 5 laranja 6 branco 7 azul
8 castanho

# Solucións pasatempos

## Solucións Acertixos para Xenios

1) Antes de que empece o tanteo sempre é de 0 – 0
2) Deben mirarse, están unha fronte a outra
3) Todos teñen 28 días
4) Sombra
5) Pregúntalle a un maior
6) Saltaría ao interior do piso.
7) A frase pronunciouse a 1 de Enero e Marta cumple o 31 de Decembro
8) Ningunha, é un xogo de palabras so hai que interpretar ben o enunciado.
9) De buratos
10) No diccionario
11) O globo debe de estar deinflado
12) Os amigos chámanse por teléfono
13) Unha delas non é de 10 cts pero a outra si. Son unha de 10 e outra de 20 cts.
14) Solución: T
15) Collendo o bolígrafo azul e escribindo a palabra "rojo".
16) Da pita
17) É hora de levalos a arreglar




## Solucións das Adiviñas:

A laranxa, O ovo, O pozo, A noz,
O botão, O sino e A Bicicleta

## Solución amigos 1º e 2º ciclo




## Solución terceiro ciclo







PICÓN
2.079 mts.
COTA 2002
2.032 mts.
PEÑA SURBIA
2.119 mts.
TEIXADAL
1.328 mts.
PEÑA TREVINCA
2.127 mts.
PEÑA NEGRA
2.121 mts.
MALURO
1.985 mts.


Non hai camiños para a paz,